

Na sesión celebrada na data que se indica, adoptouse o seguinte

A C O R D O:

Na cidade de Ourense, a catro de novembro de mil novecentos noventa e sete.

VISTO o expediente de clasificación do monte como veciñal en man común denominado " DA TORRE " a solicitude do alcalde-presidente do concello de Porqueira.

RESULTANDO que con data 18 de maio de 1987, tivo entrada na Delegación Provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes en Ourense, escrito dirixido ó Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común asinado polo alcalde-presidente do concello de Porqueira, solicitando se declare o monte como veciñal en man común.



RESULTANDO que o Xurado Provincial en sesión celebrada o día 30 de xullo de 1987, acordou tomar en consideración o citado escrito e inicia-lo expediente de clasificación do monte "DA TORRE" designando instructores do mesmo a D. Manuel Bouzas Costa e D^a Elena Barca Ramos, que aceptaron tal cargo, librándose

mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Xinzo de Limia, e remitíndose comunicacións dirixidas ós veciños do pobo, ó Sr. alcalde-presidente do concello de Porqueira e ós xefes dos servicios de Estructuras e Desenvolvemento rural, e de Montes e Industrias Forestais da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, publicándose Edictos no Boletín Oficial da Provincial (BOP nº 292, do martes, 22 de decembro de 1987), e no taboleiro de anuncios do Concello de Porqueira, durante o prazo dun mes segundo consta en dilixencia extendida ó dorso do Edicto, polo Secretario do Concello, que durante o prazo sinalado en Edictos para que os interesados poideran comparecer ou intervir no mesmo, en defensa dos seus dereitos, non consta presentada ningunha alegación.

RESULTANDO que a anotación preventiva de iniciación do expediente, practicouse no Rexistro da Propiedade de Xinzo de Limia como segue:

Tomo 531, Libro 44 de Porqueira, Folio 10, Finca número 6899, anotación A.

RESULTANDO que na tramitación do expediente cumpríronse tódalas formalidades legais.

VISTOS, a Lei Galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu Regulamento de 4 de setembro de 1992, así como o establecido na Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e demais normativa aplicable.

CONSIDERANDO que o Xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común, ten xurisdicción e competencia para coñecer los expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a teor do establecido no artigo 9 da citada Lei.

CONSIDERANDO que o tipo de comunidade xermánica que institúe a Lei de Montes Veciñais en man común ten como características esenciais as seguintes: 1) Que os condminos únense por vínculos persoais de vecindade agrupados en parroquias, aldeas, lugares, caseríos ou barrios non constituídos formalmente en entidades municipais; 2) Que polo tanto o número de titulares é variable e indeterminado; 3) Que o patrimonio colectivo é utilizado e aproveitado polo veciño, en canto membro da agrupación veciñal, faltando a idea de cuota no sentido xurídico - romano; 4) Que o patrimonio e a participación é inalienable, imprescriptible e inembargable; e 5) Que a comunidade é indivisible, non podendo os comuneiros pedi-la "actio communi dividundo".



CONSIDERANDO que segundo informacións e testemuños resulta que o monte citado é aproveitado e posuído en réxime de comunidade xermánica polos veciños da Torre no Concello de Porqueira.

Os datos do citado monte son:

- Concello: PORQUEIRA
- Denominación: " DA TORRE"
- Comunidade: Torre.
- Superficie: 47 Has.
- Extremas:

Norte: propiedades de Torre.

Sur: Calvos de Randín.

Leste: Río Limia.

Oeste: propiedades de Torre.

CONSIDERANDO que das informacións recollidas resulta que os veciños do pobo de Torre, están conformes coa clasificación do citado monte como veciñal en man común.



CONSIDERANDO que a teor do disposto na Lei de Montes Veciñais en Man Común, o expediente de clasificación iniciouse

por Acordo do Xurado, a instancia do sr. alcalde-presidente do concello de Porqueira.

O XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACION DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN á vista dos antecedentes e fundamentos expostos e por unanimidade dos seus membros.

A C O R D A:

PRIMEIRO. - CLASIFICA-lo monte denominado "DA TORRE" de 47 Has de superficie a favor dos veciños do lugar de Torre no Concello de Porqueira, e coas extremas descritas no Considerando terceiro, como veciñal en man común, en réxime de comunidade xermánica.

SEGUNDO. - Que se proceda á exclusión do citado monte de calquera inventario, catálogo ou Rexistro público no que poidan figurar inscritos a favor da persoa ou entidade distinta á que agora se asigna a súa pertenza.



Notifíquese esta Resolución ó Sr. Alcalde- Presidente, ó representante da Comunidade veciñal, ó Sr. Xefe do Servicio de Montes e Industrias Forestais, ós que se lles fará saber que contra esta resolución que esgota a vía administrativa poderase

interpoñer recurso contencioso - administrativo, previa comunicación á que se refire o artigo 110.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de **DOUS MESES** perante a Sala do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, contados a prtir do día seguinte ó da publicación da presente resolución no Diario Oficial de Galicia.



[Handwritten signatures and scribbles]

